



ANUNCIO

ACORDO DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN ARQUITECTO TÉCNICO COORDINADOR. LABORAL FIXO

Asunto: resolución recursos de alzada e corrección de erros exame tipo test realizado

EXPEDIENTE: 2022/E001/000015

Marta Vázquez Garea, secretaria do Tribunal do proceso de selección do posto de arquitecto técnico coordinador CERTIFICO que segundo o acta do dito tribunal do 26/10/2022 o dito tribunal adoptou o seguinte ACORDO:

1.- RECURSOS DE ALZADA INTERPOSTOS CONTRA A PUBLICIDADE DA DATA DO PRIMEIRO EXERCIZO (TIPO TEST).

Con data do 21/10/2022 e NRE 202299900001833 Susana Mª Abelleira Lence, aspirante admitida no proceso de selección en curso, presenta escrito aducindo falta de publicidade da data do primeiro exame no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, o cal supuxo o descoñecemento da dita data e vulneración do principio de igualdade e transparencia.

No mesmo sentido, presenta alegación Diego Hermida Varela o día 21/10/2022 e NRE 202299900001832 aspirante admitido no proceso.

Ambos aspirantes, solicitan a anulación do primeiro exercizo e retroacción do procedemento ao momento ao de celebración deste exercizo.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- Natureza xurídica dos escritos presentados.

Considéranse sendos escritos como recursos de alzada previsto no art. 121 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das AAPP, tendo en conta que dacordo co art. 112. 1 da Lei 39/2015, pode producir indefensión ou perxuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos.

Será considerados como recursos de alzada entón, dado que segundo o previsto no art. 115.2 LEi 39/2015, o erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Os recursos atópanse presentados en tempo e prazo e por persoas lexitimadas para elo.

- Fondo do asunto

Nas bases que rexen o proceso, en concreto na base 4 *in fine* (publicadas no BOP núm. 138, do 21/07/2021) establécese que “Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución de aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, que se fará pública no taboleiro de edictos e na web do Concello, relacionándose os/as aspirantes excluídos/as, con indicación da causa da súa exclusión. Os aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles para a emenda das deficiencias que se sinalen. Estas emendas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará no taboleiro de edictos en na páxina web do Concello e na que se incluírá, tamén, a designación nominal do Tribunal, o lugar, data e hora fixados para a súa constitución, así como para o inicio da oposición (data, lugar e hora do inicio da oposición que poderá ser fixada e anunciada, tamén, con posterioridade).

Compróbase por parte do tribunal que o acta de constitución do Tribunal , do 10/10/2022, onde ademáis se baremaban os méritos dos aspirantes así como se fixaba a data do primeiro exame (test) para o día 17/10/2022 ás 11:00 e se acorda un calendario de exames orientativo, soamente foi publicado na páxina web municipal, pero non no taboleiro de edictos electrónico, tal e como expoñen os recorrentes.

De conformidade co art. 55 do RDLeg 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público -TREBEP-, as Administracións Públicas han de seleccionar ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan devanditos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e, entre outros, transparencia; imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección e independencia e discrecionalidad técnica na actuación destes.

Pola súa banda, o art. 60.1 TREBEP sinala que:

"1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home."

Na actuación dos órganos de selección debe garantirse que non se incorra en arbitrariedade ou que se actúe descoñecendo os indicados principios constitucionais para o acceso ás funcións públicas e, en todo caso, a decisión do Tribunal pode estar suxeita ao control xurisdiccional, sobre a base de que o tribunal de oposición, do mesmo xeito que os aspirantes do proceso selectivo, queda vinculado polas Bases da convocatoria, que, segundo reiterada xurisprudencia, son a lei que regula aquel, de aí a necesidade de transparencia e publicidade das Bases.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Considera este Tribunal, que a publicidade parcial da acta do 10/10/2022 pode ter ocasionado indefensión aos aspirantes, tendo en conta sobre todo o seu contido; é dicir, o baremo de méritos así como a convocatoria do primeiro exame e calendario orientativo dos seguintes.

Están en xogo o principio constitucional previsto no art. 23 da Constitución Española (acceso á función pública en condicións de **igualdade**) pero tamén non hai que deixar de ter en conta o principio doutrinal do **aspirante de boa fe**, que ningunha culpa ten dos erros cometidos pola Administración, manifestando a Sentencia dO TS de 19 de febreIRO de 2018, no seu FJº 3º, que:

“...tomando como referencia el criterio ya establecido en sentencias como la dictada el día 18 de enero de 2012 (recurso de casación 1073/2009) y seguido en otras con la de 27 de abril de 2015 (recurso de casación 2460/2013) sobre la circunstancia de que alcance del fallo estimatorio deberá respetar en lo posible el derecho de los aspirantes ya aprobados actuantes de buena fe, que no tienen por qué sufrir las consecuencias de unas irregularidades que no les son imputables.”

A doutrina administrativa ven a concluír, en supostos similares, que a actuación administrativa correcta pasa por realizar de novo o exame aos aspirantes que se viron indefensos pola falta de publicidade e non concorreron ao exame, en termos equiparables de dificultade ao exame xa realizado, o cal quedará debidamente xustificado e motivado no expediente.

Polo tanto, a conxugación destes dous principios leva a este tribunal proponden ao órgano municipal competente na resolución dos recursos a retroacción do procedemento ata a o momento da publicidade dos méritos e convocatoria individual, para a realización do primeiro exercizo, aos aspirantes que non asistiron a este exame.

Por outra banda,ponse de manifesto que se levou a cabo a convocatoria de aspirantes para o segundo exercizo o día 17/10/2022, o cal se realizou co mesmo sistema de códigos de identificación de aspirantes ao igual que o exame tipo test. Estes exames, xunto cos sobres que conteñen os códigos de identificación dos aspirantes atópanse, a día de hoxe, sen avaliar polo tribunal, custodiados na Secretaría Xeral municipal.

Polo tanto, este Tribunal, pola unanimidade dos seus membros, **PROPÓN Á ALCALDÍA A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

PRIMEIRO: estimar os recusos de alzada presentados polos aspirantes Susana Mª Abelleira Lence e Diego Hermida Varela, acordando a RETROACCIÓN DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO ata o momento de publicación do baremo de méritos rrealizado polo tribunal na acta do día 10/10/2022, outorgando o prazo de 10 días hábiles para a emenda.

O literal da acta referida do día 10/10/2022 é o seguinte:

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

“Posteriormente seguindo o sentido das Bases procédese á valoración dos méritos, para o cal se terán en conta os seguintes criterios xerais:

- Só se valorarán curso de formación que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias de traballo, sempre que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública, EGAP, Universidades ou en actividades conveniadas coa administración (Base 6. A. 2), sempre que a súa duración sexa igual ou superior a 30 horas.

É dicir, non se valorarán cursos relativos a coñecementos transversais de calquer empregado público como os de informática, idiomas, Lei de contratos ou Lei 39/2015, por exemplo, a menos que sexan específicos para o posto.

Tampouco se valorarán os cursos impartidos por academias privadas nin colexios profesionais, a menos que fosen conveniados con algún dos organismos citados na bases 6.A.2).

Así, finalizada a valoración o resultado é o seguinte:

NOME	Puntos experiencia laboral	Puntos formación	TOTAL CONCURSO
Adrián López-Cancelos Turía	2,5	0,4	2,9
Sabela López Lado	2,2	1,15	3,35
Eva M ^a Piñeiro Nunes	0	1,1	1,1
Patricia Abelleira Sánchez	5	0,6	5,6
Ramón Soengas Gómez	5	1,7	6,7
Diego Hermida Varela	4,4	1,25	5,65
M ^a Vanesa Aldao Alonso	0	0	0
Mónica González Aguiar	0	0,75	0,75
Marcos Pose Andrade	0	0	0
Susana M ^a Abelleira Lence	1,2	0,4	1,6
Juan M. Araújo Dopazo	5	0	5
Clara M ^a García	1,9	0,5	1,95

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Rodríguez			
Antonio L. de la Iglesia Molist	0	0,25	0,25
Mª Josefa Rabuñal García	1,1	0,85	1,95

Anéxase a esta acta o listado pormenorizado de cursos e a súa puntuación.”

Consta na citada acta o **ANEXO** onde se pormenoriza a puntuación dos méritos.

(...)

SEGUNDO: convocar aos aspirantes admitidos no proceso QUE NON ASISTIRON ao primeiro exercizo tipo test, mediante notificación individual, para a realización do PRIMEIRO EXERCIZO (tipo test) o vindeiro XOVES 10 DE NOVEMBRO DE 2022, ÁS 16:00 HORAS no Edificio Administrativo do Concello da Laracha ubicado en Av. Finisterre, 58, 15145 A Laracha.

TERCEIRO: publicar o contido desta acta no taboleiro electrónico e na páxina web municipal a efectos do seu xeral coñecemento.

2.- RECLAMACIÓN SOBRE PREGUNTAS DO EXAME TIPO TEST REALIZADO.

Preséntanse reclamacións en canto á pregunta número 2 do test, a cal xa foi corrixida de oficio por este tribunal en sesión de 19/10/2022, debidamente publicada.

Vistas as alegacións, o tribunal acorda:

- Estimar as alegacións presentadas en canto á pregunta 3 e 40 por parte dos aspirantes Juan M. Araujo Dopazo e Clara Mª García Rodríguez, por estar fóra do temario previsto nas bases (a pregunta 3) e por ter dúas respostas posibles (a pregunta 40) e polo tanto pasar a ter en conta as preguntas de reserva do exame número 1 e 2.
- Desestimar a alegación presentada por Clara Mª García Rodríguez sobre a puntuación do seu exame en canto á resposta da pregunta 2, xa que unha vez comprobado o exame a puntuación resulta correcta (tiña sinalada como correcta a resposta a) e xa estaba debidamente puntuada, por eso non se altera a puntuación).

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Polo tanto, o resultado definitivo despois de da corrección é o seguinte:

CÓDIGO	NOME ASPIRANTE	PUNTUACIÓN
LAR600Q4S0E	Mónica González Aguiar	5,625
LAR603TK1O	Clara M ^a García Rodríguez	5,375
LAR7R9S1K2R	Juan M. Arújo Dopazo	9
LAR5K8L0R3J	Adrián López-Cancelo Turía	5,75
LAR7C6D2U6I	Ramón Soengas Gómez	6,75
LAR3I6F4L1X	Patricia Abelleira Sánchez	4,50
LAR6M1T3Z5Q	Antonino L. de la Iglesia Molist	4

Así, o tribunal acorda publicar este resultado no taboleiro electrónico e na páxina web municipal.

Documento asinado dixitalmente.